

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

PROGRAMA
CULTURAL
2011

EXPLO
RAR



▶ EXPOSICIÓNS

MÚSICA

LITERATURA E
PENSAMENTO

EN FAMILIA

MIQUEL NAVARRO
FIGURAS PARA A BATALLA

Dossier de prensa

▶ 01 Xul

08 Xan

**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

**PROGRAMA
CULTURAL
2011**

**EXPLO
RAR** 

▶ **EXPOSICIÓNS**

MÚSICA

**LITERATURA E
PENSAMENTO**

EN FAMILIA

| INTRODUCCIÓN |

A Cidade da Cultura de Galicia échese de vida. Exposicións, concertos, espectáculos de artes escénicas, encontros de artistas, ciclos literarios, seminarios, foros de debate, todo un programa cultural dirixido a estimular a creatividade e o coñecemento.

O complexo deseñado por Peter Eisenman no monte Gaiás de Santiago ponse en marcha como un novo espazo para VISITAR, un territorio onde EXPLORAR todas as súas posibilidades culturais e artísticas, unha factoría onde CREAR novos proxectos, un lugar para APRENDER e INTERCAMBIAR experiencias, e unha infraestruturas disposta a SUMAR os seus recursos aos proxectos máis innovadores, un programa cultural que pon toda a beleza arquitectónica e recursos deste proxecto ao servizo da cultura.



**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

**PROGRAMA
CULTURAL
2011**

**EXPLO
RAR**



▶ **EXPOSICIÓNS**

MÚSICA

**LITERATURA E
PENSAMENTO**

EN FAMILIA

| PRESENTACIÓN |

A carreira escultórica de Miquel Navarro iníciase en 1972. Por aqueles anos, comezaban a aflorar restos arqueolóxicos preto da cidade chinesa de Xi'an que evidenciaban a existencia dun importante xacemento no subsolo: os guerreiros de terracota que empezarán a seren desenterrados dous anos máis tarde para admiración do mundo enteiro. Así, en lugares dispares do planeta, estaba por constituírse unha afinidade artística impensable propiciada pola casualidade. Navarro experimentaba coa ordenación de series urbanas compostas por figuras aliñadas creando tramas arquitectónicas, e o conxunto de Xi'an, ao que agora rende homenaxe, lembraba a intemporalidade desas mesmas formas artísticas, anteriores en máis de vinte séculos, que orbitan sobre os eixos civilizadores fundamentais da cidade, o grupo e o individuo.

A súa serie "Figuras para a batalla", realizada para a Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela, está composta por vintecatro esculturas en aluminio mariñado macizo mecanizado duns tres metros e medio de altura. O aluminio posúe un aire impersoal que replica na materia o ordenamento serial da trama urbana –un exército preparado para a batalla-. Esta organización contrasta co individualismo das pezas, cada unha lixeiramente distinta, que chama por unha identificación persoal coa figura humana do guerreiro, da que son forma estilizada.

A obra de Navarro presumiu sempre dun potente interese contextual, esforzándose en ligar esteticamente a escultura co espazo no que está recollida e adquire sentido. A natureza estrutural da composición e materiais –totémica, xeral– e estas pequenas variacións de cada unidade particular articulan localmente o sutil diálogo que existiu entre escultura e arquitectura naqueles espazos nos que ambas artes se poñen en relación. Como se propagasen a continuidade que se produce a un nivel anterior entre a propia Cidade da Cultura e a paisaxe sobre a que se pousa.



**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

**PROGRAMA
CULTURAL
2011**

**EXPLO
RAR** 

▶ **EXPOSICIÓNS**

MÚSICA

**LITERATURA E
PENSAMENTO**

EN FAMILIA

MIQUEL NAVARRO

Nace en MISLATA (Valencia) o 29 de setembro de 1945, onde vive e traballa na actualidade. Estuda na Escola Superior de Belas Artes de San Carlos de Valencia e comeza a súa carreira como pintor; dende 1972 dedícase case en exclusiva á escultura.

Xeralmente o seu traballo caracterízase pola recreación da paisaxe escultórica, en particular o tema da cidade adoita ser o máis significativo.

Coleccións: As súas obras forman parte de importantes coleccións entre as cales destacan a Colección do Solomon R. Guggenheim Museum (Nova York); o Instituto Valenciano de Arte Moderno (IVAM, Valencia); Musée National d'Art Centre Georges Pompidou (París); Colección Argentaria; Colección Aena; Fundación Coca Cola España; Fundación ICO, Museum Würth (Alemaña); Mie Prefectural Art Museum (Xapón); Museo Guggenheim Bilbao ou a Catedral de Burgos – Retablo, entre outros.

Obra en Espazos Públicos: As súas obras están expostas en lugares públicos de Bruxelas e de cidades españolas como Valencia, Barcelona, Bilbao, Málaga, Murcia, Zaragoza, Xetafe ou Castelló, entre outros.

Premios: Foi Premio Nacional de Artes Plásticas en 1986 e foi galardoado co Premio Alfons Roig (Deputación de Valencia) 1987; Premio C.E.O.E. ás Artes 1990; Premio Nacional da Asociación de Críticos de Arte (AECA) ARCO 95; Premio Valencianos para el Siglo XXI (Las Provincias 2001); Distinción da Generalitat Valenciana ao Mérito Cultural 2002; Premio de Artes Plásticas “Valencianos del Mundo” 2005 (Outorgado pola Generalitat Valenciana e o xornal El Mundo) 2005 ; VIII Premio Internacional Julio González – IVAM 2008 e o II Premios Descubrir el Arte á traxectoria artística 2010.

É académico da Real Academia de BBAA de San Fernando.

Exposicións individuais (1972 – 2010): a súa obra foi exposta nos principais museos e nas galerías máis destacadas de España (Galería Juana de Aizpuru; Galería Joan Prats; Galería Luis Adelantado; Palacio de Cristal Centro de Arte Reina Sofía; IVAM, MACBA, Fundación Marcelino Botín, Museo Guggenheim Bilbao, etc.) e do estranxeiro (Grand Palais de París; Centro de Arte Wilfredo Lam na Habana; Museo Wilhelm Lehmbuch en Alemaña; Palacio Medici Riccardi en Florencia; a Pinacoteca do Estado de São Paulo e o Museo de Arte Moderna de Río de Janeiro; a Fondazione Giorgio Cini en Venecia; a Galería Marlborough Chelsea de Nova York; Galería Nacional Xordana en Ammán; Museo de Arquitectura de Estocolmo; Museo de Arte Contemporánea Grand Hornu en Bélxica; etc). A súa obra representou a España na Expo de Shanghai en 2010.

Dende 1968 participou en numerosas exposicións colectivas en todo o mundo.



**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

**PROGRAMA
CULTURAL
2011**

**EXPLO
RAR**



▶ **EXPOSICIÓNS**

MÚSICA

**LITERATURA E
PENSAMENTO**

EN FAMILIA

PROGRAMA CULTURAL 2011

A Cidade da Cultura presenta unha programación que pon toda a potencia e beleza arquitectónica deste proxecto ao servizo da cultura, unha programación dirixida a que todos os públicos se sintan representados e a que cada persoa atope a súa razón para achegarse ao Gaiás. Con ela, este espazo énchese de vida, convidando os cidadáns a explorar os diferentes campos da arte e do coñecemento.

Con este obxectivo apostamos por unha programación aberta, plural e multidisciplinar, atenta ás novas linguaxes e tendencias creativas, pero que asume a función de pór en valor o patrimonio cultural galego, traballando pola súa proxección no espazo, para chegar a novos territorios, e tamén no tempo, buscando formatos imaxinativos e actuais para seducir as novas xeracións.

O Gaiás quere converterse nunha “factoría de proxectos” que dinamice o noso tecido de industrias culturais, unha plataforma que lle dea visibilidade ao mellor das nosas expresións artísticas e un punto para o intercambio de ideas e experiencias, conectando Galicia ás redes nacionais e internacionais de creatividade e coñecemento.

1. Visitar: a cidade ábrese a novos públicos, ampliando as posibilidades para coñecela, e facendo delas experiencias participativas e enriquecedoras.

2. Explorar: presentamos un amplo mapa de itinerarios para aventurarse polos camiños máis clásicos ou máis contemporáneos dos territorios da música, das artes escénicas, da escultura, da literatura, do pensamento ou de calquera outra disciplina artística.


3. Crear: promovendo novos proxectos artísticos e todas cantas iniciativas permitan impulsar novos procesos creativos.

4. Aprender: accións formativas dirixidas a potenciar a formación dos novos artistas e xestores culturais non só a través de adquisición de coñecementos en novas habilidades, senón da experiencia compartida e da apertura a novas realidades.

5. Intercambiar: creación de espazos para o intercambio de coñecemento e experiencia, favorecer a interconexión con outros centros e institucións nacionais e internacionais.

6. Sumar: sendo “socios activos”, complementando, artellando e vertebrando outras iniciativas culturais.

Seis categorías que marcan os vieiros dun novo e vibrante territorio cultural, para que cada quen elixa como participar nese amplo abano de exposicións, espectáculos, encontros, programas de formación; en definitiva, opcións todas elas para vivir ese proxecto colectivo que é a Cidade da Cultura.



**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

**PATRONOS
FUNDACIÓN
GAIÁS**

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego



Campo

GADIS



**Astillero
BARRERAS
VIGO**

Estrella Galicia

R

MONBUS

**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

**PROGRAMA
CULTURAL
2011**

**EXPLO
RAR**



▶ **EXPOSICIÓNS**

MÚSICA

**LITERATURA E
PENSAMENTO**

EN FAMILIA

**Gabinete de Comunicación da
Consellería de Cultura e Turismo
981 544806/ 545820
prensa.cultura.turismo@xunta.es**



**fundación cidade
da cultura de galicia**



**XUNTA
DE GALICIA**